

CASTILLO



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

---

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.<sup>o</sup>—A CRUÑA

---

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00 >
Número solto	0'70 >

NOTA

Este boletín non publigrá mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, e non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

---

SUMARIO

Poema, por OTERO ESPASANDÍN.

O problema da lingua, por A. VILLAR PONTE.

Prehistoria e Folklore da Barbanza, por FLORENTINO L. CUVILLAS e F. BOUZA BREY.

Novos cantares, por A. COUCEIRO FREIXOMIL.

Catálogo dos Castros Galegos, da Seizón de Prehistoria do S. E. G.

Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES. DISCOS  
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Dicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2.<sup>o</sup>

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano X



Ourense 15 Febreiro 1928



Núm. 50

## P O E M A S

(PRÓ LIBRO ALFABETO)

Carreteira da serra:

creboute a penedia,

n'un espasmo de forza,

contr'a fe das estrelas.

Carreteira da serra,

abrazada ó cadavre lívido d'aurora,

nai dos fillos de pedra:

cingues os torsos e bicas os cráneos

dos que miran a Deus car'a cara,

e camiñas sin reparar,

nas baterfas da tormenta.

Na mañán cedo e na media tarde

o teu salto crávase no lombo da montana

e a tua boca morde a boca queimada

do praneta

carreteira da serra:

ó son da tua melodía

bailan as miñas pernas.

OUTEIRO ESPASANDÍN

## O problema da Lingua

¿Por qué é pericoso cultivar a lingua galega? Porque toda lingua cultivada representa unha cultura orixinal. E os pobos que teñen unha lingua de seu son pobos orixinais, até o extremo de que si a esquençan ou desprazan acaban sempre por sentirse inferiores, na comparanza con outros, ó longo dos tempos. O esquençamento da lingua natural—supremo testemuño de consubstancialización d'una raza e d'una terra—trai a pés de si o desafento dos homes do país que recibirona en herdo cos usos e costumes perpetuados pola tradición, que resultan o único fruto de libre espontaneidade racial secundador de toda cultura propia, autóctona, que espellea na etnografía. Posseendo unha lingua propia non se pode soñar n'unha orixinal cultura, leixándose d'aquela. Exemplo: Alemania, entre outros más.

Unha Galiza, arredada do Idioma de seu, poderá ter algúns días unha civilización mais próspera, pro sempre mimética; unha cultura galega de que a raza se sinta íntima e fondamente orgullosa, nunca. Sín o «genio local», todo virá pola «yuxtaposición»; nada pola «intususcepção». Como barro da nosa terra moldeado por un escultor estrano. Unha civilización propia nasce d'unha cultura propia. E unha cultura propia n'unha lingua altera—tendo unha lingua natural viva na maioría do país e con gloriosa historia—é imposible cosa. ora ninguén deixe de saber que todo pobo, ou non sifilien nada ou é un órgano de cultura co que a política ten n'elos, como derradeiro e mais outo fin, o degredo cultural. Logo se non poderá falar seriamente de cultura na Galiza sin termar da política da lingua.

Pro axitándonos ben ó terreiro da realidade: Galiza conta con dous millóns e medio de habitantes. D'elos somente uns douscentos mil vivientes en vilas e cidades, que na maioría falan galego. Dos do campo e a marxa xa non hai que o decir: fálano todos. E inda entre os que agora esprécanse no castelán—agás os forasteiros—mais aló de seus abós non tiveron a ninguén que non usara decote a lingua nativa. O que fai que non haxa un só coeterráño que non esté, aprendido pola sintaxis galega, pesiá sua castellanización, quétalo ou deixe de querelo.

E qué teria de ser mais doado n'unha fidel senso-pedagóxico, atendendo ás nosas características rusticistas asoballadoras, para faguermos axiña unha cultura propia: irmos pol-o camiño da total galeguización ou pol-o da total castellanización? A resposta a ista pregunta non pode ser mais sinxela. Ningún bóxicamente, pode pensar no desbotamento, do primeiro camiño.

Pols corolario de semeillante problema é o absurdo de que un maxistrado ou xuez non galego entenda en pleitos de aldeas nosas; que os notarios que exercen no noso agro non coñezan o noso idioma; que os escolantes que fan o ensino dos meninos do noso río podan seren alienos ó país; que os cregos, inda sendo galegos, prediquen e recen en castelán, nas parroquias campesiñas, e que o portugués se non cultive ante nós. A incompatibilidade espiritual e material de todo isto coa l-alma da nosa terra berra a eto.

E a lingua galega, porén, deu e anda a dar poetas e escritores; sirveu para cantar á Virxe por belos de reis sábios; sirveu para as muiás regalindades do amor nas xustas dos pazos, coma Lingua internacional; para as sotilezas mais velutinas do humorismo culto (outras Áfricas Náfiz) e para expresión da derradeira vontade de nobres e plebeus.

Pols si así foi, e así é que ainda hachease viva en dous millóns de almas e triunfante na cultura de alén. Millo e de alén do Atlántico e d'outros lugares do mundo, só como de non sermos soildas, cegos e parvos, poderíamos deixala morrer?

Este senso esotérico latexa nas Irmandades da Fala. Este senso trascendental abrange para os bicos e xenerosos. Non sabemos d'outra aristocracia nin d'outra aristocracia galega mutual que non sexa a dos que teñen o Idioma materno por brasón.

A. VILLAR PONTE.

## PREHISTORIA E FOLKLORE DA BARBANZA

(*Proseguimento*)

### AS MÁMOAS DO CRUCEIRO DE MOLDES

(Véxase mapa núm. 4)

Están situadas nun penichán coberto de piñeiro, que se abre por baixo mesmo das abas sudocidentaes da serra da Barbanza, e

moi perto de un cruceiro, obra antiga da arte popular, que se ergue no empalme da estrada de Palmeira a Moldes ca que dende a Puebla do Caramiñal vai bater a Oleiros.

As mámoas que ollamos foron catro e a sua situación e carauterísticas son as seguintes:

Mámoa núm. 1.—A 40 metros do cruceiro

cara o noroeste. Ten 14 metros de diámetro.

Mámoa núm. 2.—A 50 metros da anterior cara o oeste e de 14 de diámetro.

Mámoa núm. 3.—A 100 metros da anterior cara o noroeste e de 16 de diámetro.

Mámoa núm. 4.—A 90 metros cara o norte do cruceiro e de 8 de diámetro.

Todas elas están moi remexidas e rebaixadas, presentando no meio un burato ancho e fondo e nas veiras zanxas que foron abertas sen ningunha dúbida, pra tirar doadamente pra fora os esteios das antas, podéndose deducir con inteira certidume de iste dato, que a necrópole en custión era dolménica.

Escavamos as tres primeiras mámoas, sen que en ningunha de elas aparecera ren dino de ser menzoados.

#### OUTROS NÚCREOS DOLMÉNICOS NA BISBARRA DE SANTA UXÍA

(Véxase mapa números 5, 6 e 7)

Debemos o conocimento de istes núcreos dolménicos ó noso amigo Manuel F. Sendón, que nos remitiu en col de iles notizas interesantes, que pubricaremos despois de rematados os traballos esproratorios que matinamos facer n-ista primaveira.

Pol-o de agora, adiantaremos somente que os núcreos en custión alcóntranse situados nas abas do monte de San Alberto, nos termos da freguesía de Oleiros e nas proisimidades do pazo da Soledade e do camiño de Carrreira á Corrubedo, é decir, nos mesmos lugares en que a sua existencia foi sinalada pol-o P. Sarmiento.

Moitas das cámaras dolménicas están por completo derramadas, mais algunas conservanse ó parecer n-un relativo bóo estado, que deixa un marxe de espranza, respecto o froito que se poída tirar da sua escavación.

#### A ANTA DE ARGALO

(Véxase mapa número 8)

Asegún queda consinado nas notas biblió-

gráficas é iste monumento, entre todolos da Barbanza, o que conta c-un maior número de referencias, sendo as mais esaitas e precisas as fornecidas á revista «Galicia Diplomática» pol-o seu suscriptor D. Fernando Mon Vázquez.

Alcóntrase emprazada a anta, conecida co nome de Cova da Moura, na freguesia de Santa María de Argalo, Concello de Noia, n-un monte chamado do Paramo, distinto do outro Paramo que coroa a serra, e a 1 kilómetro da marxe exquerda da estrada de Ponte Goians á Noia e á mesma distancia aprosimadamente de ista vila.

Ata hai pouco tempo conservou o dólmen a sua coberta, cujas mensuras consináronse na nota da «Galicia Diplomática» denantes citada, e ainda poídemos nós precisar a data da sua desaparición, cara o ano de 1890, pol-as novas que nos foron fornecidas pol-o ilustre poeta arousán Lisardo Barreiro e por D. Manuel Alcalde rico propietario, veciño do lugar de Merelle, na freguesia de Tállara.

Ten agora o dólmen (figura 15) nove pe-




(FIG. 15.)

dras, das que sete fan a cámara e duas forman a banda da esquerda do corredor, notándose a carón de elas a fecha que deixou de ser maquiada unha das laxas da banda da direita e dexergándose tamén nidiamente fortes vestixios da mámoa.

A pranta da cámara (figura 16) é case circular e o seu diámetro máisimo atinge os 4 metros, medindo o ancho dos esteios de 1'70 metros a 80 centímetros, e sendo a sua outra visibel perto de dous metros e meio n-algunos lugares.

Ningunha das laxas está imbrincada por outra, se non axuntadas i-entilladas nos espazos valdeiros por cachotes pequenos. A porta, ourentada pra o leste mede 1'70 metros e de ela arrincaba un corredor, incrinado cara o norleste que debía ter 2'30 metros



(FIG. 16).—ANTA DE ARGALO

de longo i-estar formado por catro laxas espetadas de canto e coberto por unha ou duas lousas, chegando o conxunto de ista construción ata a metade da outura dos esteios da cámara, que como de cote ólanse deitados unha migra pra o interior.

Varias circunstancias notables ofrece a Cova da Moura. É a primeira o seu grandor que anque non deixa de ter precedentes n-outros dólmenes galegos (Dombate) non deixa por elo de ser exceisional. Mede a cámara no seu diámetro máisimo, como más atrás apuntamos, moi perto de 4 metros, e o conxunto do monumento dende a pedra da cabeceira deica o cabo dos restos do corredor 5'50 metros, abondando pór en comparanza estas mensuras cas de algunhas antas da nosa terra pra que a diferenza xurda nida ante os ollos.

O dólmen de Dombate, mede xusto no seu maior diámetro, 4 metros.

A cámara da mámoa núm. 1 do monte das Motas, en Lobeira, ten de diámetro 2'80 metros.

O dólmen con corredor da serra do Labo-

## NÓS

reiro, non chega dende a cabeceira ó cabo de aquil os 3 metros.

O conxunto do megalito, tamén con corredor das Pontes de García Rodríguez, pasa moi pouco dos 2 metros.

E o dólmen alongado de Sáa de Parga mede no diámetro meirande 2'70 metros.

Alcontrámonos pois en presenza de unha das maiores antas galegas, e que sería soio por elo dina de atención se non aparecería señalada polas notables particularidades da falla do imbrincado e da forma case circolar da pranta.

Dase a primeira de estas circunstancias na cámara da devandita mámoa núm. 1 do monte das Motas, cujos esteios alcóntranse asimismo entillados con cachote miudo, mais en ningún dólmen galego, temos ollado unha forma menos poligonal e mais perto do circular que a que ostenta a Cova da Moura.

Compre decir agora, que asegún a clasificación cronolóxica do profesor Bosch Gimpera, as antas de pranta circular e con corredor longo, son características das fases *a* e *b* do pleo eneolítico da cultura dolménica portuguesa, pertencendo entre outros a



(FIG. 17).—MÁMOA DE CASAMEA

este tipo os monumentos, por veces cobertos de falsa cúpula da Anta Grande de Aviz, Marcella, Seixo, Monte Velho e a maior parte dos da rexión de Pavia, e representando a sua extensión cara o leste alcontramos os dólmenes do mesmo feito da terra de Salaman-

ca (Muelleres, Lumbreras, Prado de las Navas, etc.) os da Estremadura (Granja de Toñuelo, Prado de Lacara, Cueva del Monje, etc.) e os da Andalucía (Los Millares, Almeria; Gor, Granada, etc.)



(FIG. 18).—CASOTA DO PÁRAMO

Craro está que a anta de Argalo por falla de longura no seu corredor e tamén pol-a sua feitura que non é compretamente circolar, non pode paralelizarse esaitamente con ningún de aquiles monumentos, mais é indudable que se aproisima a iles moito e que as suas diferenzas cos outros dólmens galegos, de pranta nidamente poligonal e de grandor mais cativo son ben patentes.

Por outra parte é sabido que a cultura dolménica galega, despois de un primeiro momento en que aparece identificada ca da fase *a*) do eneolítico inizal portugués (cerámicas lisas, machados de pedra, facas de pedreira e puntas de frecha de base convexa de Vilamarín, Cea, Melide, monte do Viso e Monte Albán) perde o seu contato cas terras de alien Douro pra non voltar a recobralo deica un eneolítico pleo ou case findeiro en que escoan no noso chan elementos pro-

pios da cultura do sul de aquil río (cerámica riscada do monte do Viso, ídolo cilindro da Caeira, machado votivo de mármore, de Lalin, punta de frecha de base cóncava da Lagoa Antela e cicais os anacos de vaso campaniforme do Museu Arqueolóxico de Ourense), podéndose arriscar en secuencia do dito, a hipótesis de se a forma tendente a circolar da anta de Argalo non será un feito concordante cos apuntados e se non responderá tamén a un intruxo da civilización eneolítica do centro e sul de Portugal que nas suas fases plea e findeira tivo o seu mais vízoso frorecer e o seu maisimo inzamento.

É iste un problema que deixaría resolto o conocimento do moblario da Cova da Moura, mais por disenza o estado de remeximento



(FIG. 19).—INSULTURA DA CASOTA DO PÁRAMO

en que se alcontra o interior da cámara, fai que abriguemos moi poucas espranzas respecto os resultados de unha esprorazón nas camadas fondas que ainda cobren parte dos esteios.

É tamén dina de nota a incrinazón cara o

norleste que presenta o corredor de ista anta, e que non pode aporse a un maquiamiento posterior das pedras, duas das cuas áchanse rigorosamente *in situ*. Iste mesmo fenómeno por certo ben excepcional tivemos ocasión de observalo nun dos dólmens das



(FIG. 20) 1 e 2.—ORCA DOS JUNCAIS, PINTADAS (RITUE DE VASCONCLOS); 1.—DÓLMEN DE SOTO, INSCOLTADA (OBERMAIER) 4.—SORIA INSCOLTADA (CABRERA).

Maus de Salas (Muñitos) publicados recentemente por un de nós nunha revista ourensan. (22)

#### AS MÁMOAS DA FREGUESÍA DE CAMBOÑO

(Véase mapa núm. 9)

Están emprazadas estas mámoas no monte Iroite, o mais outo da Barbanza e pertence à freguesía de Camboño situada na banda que cai pra ría de Noia.

As mámoas son tres e a más importante de elas e a relativamente millor conservada mede 27 metros de diámetro e conserva restos esborrallados de un grande dólmen conocido no país co nome de Casamea.

Consisten estes restos en dez pedras (figura 17) cuio grandor oscila entre 3 metros que mede a sinalada ca letra *a*) á 1 metro. Na posición en que se alcontran todal-as laxas non é doado o intentar nin aproxiadamente unha reconstrucción da verdadeira forma do megalito. É posibel que a pedra *b*) que ten 2 metros de ancho por tres de longo servirá de tampa e que a marcada ca letra *a*) fora a que fixera a cabeceira, e parez asimismo posibel, pol-o numero de laxas que o dólmen tivera un corredor, xa que as cáma-

ras das antas galegas teñen normalmente cinco ou sete esteios.

A uns 70 metros cara o sul da Casamea están as outras duas mámoas, afastadas 8 metros unha da outra. A situada ó oeste mede 16 metros de diámetros e a do leste 10. As duas alcontran espoliadas ata o punto de non ollarse n-elas ningun vestixio do dólmen.

FOLKLORE DA CASAMEA.—No mesmo monte que as mámoas existen algunas penedas con esmonaduras que ofrecen figuras caprichosas, que por vegadas, queren imitarse unha migia a alguns sinos numerales. O parecer e asegún os relatos coincidentes de Xesús Calo Piñeiro, do lugar da Eirexa, freguesía de Cures, de 23 anos de idade e de Xosé Brión, veciño de Noceda e de 64 anos, tales esmonaduras son crara indicación de tesouros acobillados.

«Os mouros cando fuxiron deixaron os tesouros gardados con sinais para topalos cando volvan algún dia. Isto conta pol-o menos un libro que ten un ferreiro de perto de Noia, libro que non amostra a ninguen. Dice n-il que na Casamea hay un gato de ouro e na pedra marcada c-un número 4 hai un lobo tamén de ouro, cuja figura se ve por fora».

Iste relato de Xesús Calo foi confirmado en todal-as suas partes por Xosé Brión, agás no número da peneda que il dixo ser un 3, e ainda nos amostrou a tal peneda que presenta en efecto duas esmonaduras semi-circulares xunguidas, que n-algunha cousa semellanse a aquil número.

E ista dos tesouros da Casamea unha variación da tan estesa consella dos *haberes*



(FIG. 21) 1.—GRANJA DE TOÑUELO (MELIDA); 2.—CUEVA DE MENGA (MERGELINA); 3.—TAULE DES MARCHANDS (LE ROUZIC); 4 e 5.—NEW-GRANGE (COFFEY)

atuados. Compre así e todo sinalar n-ela a forma que revisten estes tesouros barbaceiros, un gato e un lobo, e a circunstancia de estar atuados precisamente baixo de penedos esmonados, os que a tradición popular

galega concede sempre importanza e valor mitico.

AS MÁMOAS DA FREGUESÍA  
DE CURES  
(Véxase mapa núm. 10)

Constituen istas mámoas o nucleo mais importante da Barbanza, non soio pol-o seu número se non tamén pol-o relativo ó ótimo estado de conservazón de algúns dos seus megalitos.

Comenzan os grupos de sepulturas entre Moimenta e Cures, perto do casal da Graña, e continuan despois pra o oeste e pra o sul ocupando de cote ousieiros ou pequenas valadas no penichan que coroa a serra.

Rubindo dende Moimenta óllanse logo as primeiras mámoas que aparecen agrupadas en fatos mais ou menos numerosos que a xente desina con nomes peculiares.



(FIG. 22) 1.—PEDRA DE SAMARUGO (MURGUÍA);  
2, 3 e 4.—OUTEIRO DOS CAMPIÑOS, CEQUERIL  
(SOBRINO).

MÁMOA DO OUTEIRIÑO DO PAN.— É a primeira que se alvisca á pouco de deixar o camiño de Moimenta. Ten 24 metros de diámetro e presenta no centro un burato fondo. Escavámola así e todo ata chegar o chan natural sen atopar nela más que unha pedra do dólmen que media 1 metro de ancho por outro de longo.

GRUPO DO PARAMO.— Situado a 300 metros cara o sul de Outeiriño do Pan e formado por tres mámoas.

Mámoa núm. 1.—Conecida co nome de *Casota do Paramo* e a única intresante do grupo e unha das más intresantes da Barbanza.

No medio de un túmulo moi esborrallado érguese a anta (fig. 18) que conserva todal as suas pedras, anque mais ou menos maquideas dos seus primitivos asentos.

Asegún o papel que desempeñaban istas

pedras na arquitectura do megalito compre distinguias do xeito seguinte:

*a)* Lousa da cuberta de forma trapezoidal que mede na sua maior longura 4'10 metros e que se alcontra derrubada ata apoiar un dos seus cabos na terra, descansando o resto da sua masa nos esteios, tal e como vai cispresado na pranta.

*a)* Esteio da cabeceira de 1'80 metros de ancho.

*b, c)* Esteios da direita.

*d, g, f)* Esteios da esquerda.

*d, e)* Esteios da porta, dos cuales o derradeiro que é o da esquerda está derrubado, apoiando o seu cabo inferior dentro da cámara.

*i, j, k)* Pedras más estreitas e menos onduladas que os esteios e que deberon ser chantadas pra cobrir os valdeiros que istos deixaban entre si.


A situación respeitiva dos seus elementos constructivos, permite calificar a *Casota do Paramo*, como un dólmen de forma sinxela, de planta poligonal, con porta orientada sensiblemente cara o suleste e con esteios imbrincados asegurando a posizón das pedras *f, i, g* e das *a, b, k* podéndose aproxiadar o seu feitío ó da anta de Axeitos anque facendo observar que a *Casota do Paramo*, ten oito chantas, caso pouco frecuente nos megalitos galegos.

O diámetro máisimo de iste dólmen dende a cabeceira á porta é de 4 metros e a outura das chantas de 3 sendo moito más baixas (80 centímetros a 1'60 metros, fora da terra) as laxas destinadas a tapar os espazos que aquellas deixaban entre si.

No esteio caído da porta e no lugar marcado per un asterisco, óllase unha intresante e orixinal inscultura, que aparece gravada fondamente cun risco ancho e polido. Fórmala duas representazóns diferentes unha encol da outra, (fig. 19) A inferior é unha figura antropomorfa, de estilo esquemático anque non por completo estilizada, cuia cara e cabeza están representadas por un semi-ovalo, que pecha enriba en liña reita, e no coal alcontranse incrustos dous riscos e tres coviñas que imitan os ollos á boca e o nariz. O corpo e as pernas figuráense con duas liñas reitas e divergentes que se do-

bran nos cabos pra sinalar os pes. Os braços; executados c-un riscado mais ancho e menos fondo que o do resto da figura, abrense en cruz e aparecen rematados pol-as mans, das que a direita está aberta e a izquierda pechada, ollándose n-ela cinco furdelas que parecen querer imitar as saíenzas dos cotobelos.

A figura superior, probabel representación solar, consta de unha ó xeito de peána que



(FIG. 23) 1.—GALICIA-a) e b)-OUTEIRO DOS CAMPÍOS (SOBRINO); c) CAEIRA (SOBRINO); d) XINZO DA COSTA (BARROS SIBELA); e) MOGOR Y SALCEDO (GARCIA DE LA RIEGA).

2.—PENÍNSULA ESCANDINAVA-a) NORUEGA; b) e c)-SUBCIA (MONTELIUS-REINACH).

sosten por medio de un vástago, un círculo con catro radios, de cuios cabos saen nas bandas lateraes e na de enriba, raios diverxentes.

Fixándose na altitude da figura antropomorfa e na sua posizón con respecto ó disco radiado e radiante, poderíamos interpretar o conxunto de ista inscultura como unha escea de culto heliástico e relazoa-la cas conocidas

teorías relativas ó papel xogado pol-o sol, símbolo do poder vivificante e xerminativo, nas vellas crenzas necrólatricas, mais coidamos perigoso fundar hipótesis en terreo tan pouco seguro e así limitáremos a precurar ás insculturas da *Casota do Paramo*, algúns paralelos que non poderán tam poco ser esaitos, pois non sen motivo as calificamos de orixinaes.

Atópanse de abondo nas antas, asegún mais atrás deixamos reseñado, as representazóns estilizadas da figura humán en forma de cruz, mais as pinturas ou insculturas que como a nosa conservan lembranzas naturalistas son por contra moi pouco frecuentes, podéndose citar apenas as duas da Orca dos Juncais (Beira) e outra do dólmen de Soto (Huelva), que ofrecen un grado de esquematización algo semellante á da *Casota do Paramo*, anque por outra parte non presentan entre si craras imitanzas. (fig. 20, núms. 1, 2 e 3).

Fora do dólmenico, alcontramos na provincia de Soria, cuia arte rupestre ten ca galega analogías observadas xa por Cabré (23) algunas figuras que como a que reproducimos no núm. 4 da figura 19, ofrecen ca da *Casota do Paramo*, notables analogías principalmente na posizón do corpo dos brazos e das mans e no xeito xeral da execución da gravura.

As representazóns solares ollanse a fartura en toda a arte prehistórica, ben en forma de disco sinxelo ou radiante, de roda, de svastica etc., e ainda cinguindonos á arte dolménica alcontraremonos con absatanza de figuras de ista crás.

Hainas na Península no dólmen de pranta circolar e con falsa cúpula da Granja de Tofiñuelo (Badajoz) e na galeiría cuberta, chamada «Cueva de Menga» e hainas na Bretaña francesa na tamén galeiría cuberta da «Table des Marchands» (Locmariaquer) e na Irlanda, no dólmen de falsa cúpula de New-Grange, perto de Dublin (fig. 21).

Do mesmo tipo que os da Granja de Tofiñuelo, ou sinxelizados en estrelas, son os soles que aparecen insculturadas na Cañada de la Solana e na Cañada de Retortillo (Soria) e pintados en Canforros (Serra Mo-

rena) en duas composizóns de Fuencaliente, n-unha da Mestanza e n-outras duas localizadas no Tajo de las Figuras (Cádiz) i-en Velez-Blanca (Almería).

Análogas representazóns ollanse en cerámicas pertencentes case que de cote á especie campaniforme alcontradas na Cueva de la Mujer (Granada), nos Millares (Almería), en Perales de Tajuña e nas Carolinas (Madrid).

Na Galiza as figuras de ista crás non son abondosas, e ata de agora non se tiñan sinalado outros eisemprares que os dous da Pedra de Samarugo (Villalba) que ofrecen a particularidade de presentar na parte inferior, unha raia vertical longal, como lle acontez á da Casota do Paramo, mais alcóntranse en troques na nosa arte rupestre regular cantidade de círculos radiados que se paralelizan doadamente co aquela inscultura (fig. 22).

E a iste propósito é comenente lembrar que pra Dechelette, os discos as rodas, i-entre elas os círculos con catro radios, iguaes ó do dóimén barbanceiro non son outra causa que figuras heliásticas, cuio uso inizase na Europa co comenzo da vida agrícola pra atinguir o máis alto desenvolvemento na Idade do Bronce.


Manifestanxe tales figuras dos xeitos más diversos, aparecendo en carros votivos, en

discos soltos, en cabezas de alfinetes, en situlas, en fusaiolas e tamén na arte rupreste, ben senlleiras, ben asociadas con outros elementos, que como o cisne, o cabalo ou a barca teñen relazón cos mitos solares. Son pra nós particularmente interesantes certas insculturas de iste xénero descubertas na Península Scandínava, nas que se olla, en compañía de representazóns de barcos, o disco do sol, imitado con círculos concéntricos ou con círculos radiados moi análogos non sojo ó da Casota do Paramo, se non tamén a outras insculturas galegas (fig. 23).

Sería curioso estér istos paralelismos á determinadas gravuras do dólmen de Soto e ainda á algúmha pictografía do lenzo da direita da Batanera e pôr en relazón todo elo ca indubidabel preocupación heliolátrica que revela a normal abertura da porta dos dolmens cara o leste, mais o eisame detido de tal problema non entra nos llindeiros de ista monografía, e así deixaremos sinxelamente apuntado o que antecede pra continuar co estudio das nosas antas barbanceiras.

FLORENTINO L. CUEVILLAS E  
FERMÍN BOUZA BREY

(Continuaráse.)



## NOVOS CANTARES

por ANTONIO COUCEIRO FREIXOMIL.

Casou Antón c'unha vella,  
i-eu conteille un conto a Antón:  
— Era unha vella i-un cesto...  
i-o conto aquí rematou.

Miña casita tarrea:  
valer non valerás nada,  
mais cada pedriña tua  
é un anaquifo da i-alma.

Mozo que eu queira ha de ter  
n'esta mociña un espello,  
e para reverse n'il,  
nin luxalo, nin rompelo.

A avaricia está nos ricos  
e nos probel-a fachenda:  
todos faguemol-o mal,  
cada un á sua maneira.

Eu teño un parente rico.  
¡Dou ó demo a parentela!  
¡Tanto eu son parente de il  
canto é miña a sua facenda!

Casáronse vello e nova,  
i-esto non foi o mais malo,  
porque casaron dous vellos...  
porque dous vellos casaron.

C'un pouco que ti me levas  
i-outro pouco que eu me axudo  
podemos xuntol-os dous  
ir hastra o cabo do mundo.

Casei c'unha delgadiña  
coma a palla do centeo,  
i-o mismifío que unha palla  
un día levouma o vento.

Non te fundes no que fuches;  
fundate no que es agora,  
que si fuches e non es,  
total, coma si non foras.

Así a un fillo aconsellaba  
un tendeiro moi langrán:  
—Trata con xente de ben,  
que é a mais doada de engañar.

Presume Rosa de moza,  
e ten razón, abofellas:  
non pasa por ela un ano,  
que os anos quedanse n'ela.

Vaya ben ou mal o preito,  
ten o escribano de mau;  
faga ou non cara unha moza,  
non sobra que a faga a nai.

¡Sempre louvando a probeza  
nos seus sermós Don Martiño!  
E louva que louvarás,  
ja il válelle os seus cartíños!

Ven a sel-o ayuntamento  
coma unha vaca de moitos:  
ninguén a quere manter,  
mais muxila queren todos.

# CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS


PUBLICADO POL-A SEIZÓN DE PREHISTORIA  
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

(*Proseguimento*)

Número X

## CASTRO DA MADANELA

**EMPRAZAMENTO.** — Na provincia de Ourense, concello e freguesía de Coles! Achase costruído n'un outeiro, que se ergue no meio de unha chá vizosa e ben precurada;



e que fica desviado 100 metros do lugar da Madanela e uns 400 da veira direita da estrada que vai de Ourense a Sant-Yago.

A posizón dominante de iste outeiro, o seu arredamento de outros cumes mais outos e o pino das suas abas, fanno ben doado pra o emprazamento de un lugar fortificado.

**DEFENSAS.** — As obras de mineiría que n-iste castro emprenderonse outrora, e ás

que logo imos referirnos, deberon derramar en parte as suas defensas, que se non dexeran nalguns sitios coa crarezza que fora de desexar.

Ollase así e todo que é un castro de un soilo recinto, provisto de un terrapré ou atero que pol-o oeste mede soilo 8 metros de altor e que pol-o leste chega á ter 40 metros. Presenta iste atero nas veiras que se carean ó norte e oeste e na metade da sua outura, un escalón estreito que fai ó modo de un glacis, e ó seu pé corre un foso de 13 a 15 metros de ancho c-unha escarpa que ten de 3 a 10 metros de outo.

Iste foso atópase partido n-un anaco car'o noroeste onde sen dúvida foi derramado ó prantarse un piñeiral e facerse uns valados que ali se erguen, e falla en absoluto na parte do Sul onde crêmos que endexamais debeu de ter esistido, por considerar cícais os seus costrutores protexido de abondo o castro por un regato que o arrodea por aquela veira.

Non se ollan en ningures señas de parapetos, nin tampouco de habitazóns,

**MENSURAS.** — De xeito case circolar mede o recinto:

Do norte ó sul . . . . .	120 m.
Do leste ó oeste . . . . .	115 m.

**OBSERVAZÓNS.** — Fará uns cincuenta anos un portugués establecido n-Ourense, D. Manuel d'Aguiar e Silva, emprendeu no castro da Madanela unha esprotazón de granates que non lle precurrou grandes rendementos e que ó cabo de algún tempo quedou abandoada. Fican como vestixios de ista esprotazón unha zanxa que atravesa o castro na veira do leste e unha mina de 10 metros de longo que se abre perto de ela. Duas grandes moreas de terra que se observan entre o remate do recinto e a zanxa e que pol-a sua posizón poderían confundirse con parapetos,

son na realidade restos das obras menzonadas.

No corte da zanxa recollimos entre restos cincelos de fogares, alguns anacos de cerámica castrexa, decorado un de iles con circos concéntricos estampados.

FOLKLORE.—Hai coma de cote a trabe de ouro e a de alquitrán que van aquí dende castro de Santa Adega o da Madanela e hai a cántiga consinada xa ó falar do castro Morgadán.

Castro Morgadán  
Ten vintecinco á sua man.  
Soilo o da Madanela  
Lle da pol-a barbadela.

O castro da Madanela é moi antiquismo e o tiveron os mouros moito tempo ata que os botaron os cristianos e os mouros están dentro. Unha vez perdeuse unha rapaza que se chamaba Manuelina e a nai pasou perto do castro berrando: «Manuelina, Manuelina» e dentro do castro un mouro contestaba: «Unha cocinada e outra fritida Manuelina está na miña barriga».

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino L. Cuevillas).

#### Número XI

#### MONTE DO PIÑEIRO

EMPLAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello de Cea, perto do lindero co de Vilamarín, freguesía de Viña. Posto nun monte de cativo altor na veira esquerda da estrada que vai de Ourense a Sant-Yago. Domea parte da bisbarra de meia montaña das alcaldías de Cea e Vilamarín.

DEFENSAS.—Non é doado dexergar con esaitude a disposición das defensas de iste castro moi magoado polos valados de construción moderna e pol-o inzar dos torgos dos piñeiro que case cobren a sua superficie. Ten no curuto un achairado pequeneiro con irtos penedos na extremidade norte e por baixo un atero que en moitos sitios confundese coa aba do monte que mede pol-o norte 21 metros, 40 pol-o leste e sul e 51 pol-o


#### NÓS

oeste. Despois de iste atero ollase pol-a parte do norte un ó xeito de segundo recinto cinguido por un parapeto de 6 metros de outo que se alonga cara fora nun novo atero de 20 metros.

MENSURAS.—O pequeno curuto achairado mede:

Do norte ó sul . . . . .	22 m.
Do leste ó oeste . . . . .	14 m.

Iste curuto é de forma ovalada e presenta un estreitamento na veira do suleste.



O segundo recinto que se olla por riba da estrada mede 15 metros.

OBSERVAZÓNS.—Non pudemos facer ningunha de intrés.

FOLKLORE.—Un homiño xa vellote a quien perguntamos dixonos somentes que había ali unha grande mina de ouro.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Leuter G. Salgado, A. Amoeiro, Vicente Risco e Florentino L. Cuevillas).

## CONSIDERAZONS ARQUEOLOXICAS

**CANTIDADE DE CASTROS.**—En térmos xeraes pódese afirmar que os castros galegos, andan mais abondosos nas terras de beiramar e de meia montaña, que nas de serra e de ribeira. A bisbarra que agora estudamos, típica de meia montaña, non desminte tal afirmazón, e asin atopamos once castros nas terras de trece freguesias, distribuídos do xeito seguinte, un en cada unha

Esprica doadamente isto feito a vizosidade e lentura do val, case chairo percorrido por moitos regatos e abondoso en prados e lameiros naturaes, capaces de dar mantenza a cantidades considerables de gado, circunstanzas que infruirían na escola de habitats en xentes de agricultura rudimentar coma eran asegún se tira da «Xeográfica» (1) os galegos protohistóricos.



das parroquias de Viña, Río, Vales de Oseira, Vilamarín, Coles, Readegos e Morgade e dous nas de Ogbán e Armental, aparecendo desprovidas de acrópole somente as de Tamallancos, León, Sobreira e Boimorto. (véx. mapa).

Se como é lóxico consideramos que cada castro servía de centro a unha coleitividade política autónoma de certa importancia, teremos que concluir que estas espallábanse de un xeito ben imitante ó das atuais agrupacións parroquiais e que a poboazón de ista bisbarra non debía ser nos tempos anteriores á conquista romana moi inferior, numéricamente, á poboazón do día de oxe.

**EMPRAZAMENTOS.**—Non hai en toda a terra obxeto de ista catalogazón, ningún castro que estea emprazado na chá nin nas abas de un monte, coma algúns de que fala Castillo na súa soada monografía (2). Todos están par contra postos en outeiros, que coma din os nosos peisanos, teñen as catro augas, e dicir que presentan vertentes acusadas á todos os ventos e que non se alcontran domeados de perto por outro cumo.

Seguindo esta regra, erguense os recintos castrexos, ou nas divisoiras de augas, ou nas estribazóns de un macizo montesio ou ben en

(1) III, III, 5 e 7.

(2) Los castros gallegos. A Crux 1938, páx., 6.

pequenos monticelos penedentos; posibels outeiros, testigos de unha antiquísma erosión. No primeiro caso alcóntranse os castros da Madanela, Santa Adega, Fontelas e Mugariza, postos na ringla de cumiadas que que mira xa pr'a rexión de cotos do val do Miño; o de Morgade que se ergue na divisa do Barbantiño e do Bubal e o da Martiñá, na de aquil río co Arenteiro. Eisempro de castro emprazado n'un estribo montesio é o de Baínte, asentado n'un contrafrente da Martiñá, i-entre os do terceiro tipo están os de Marcelle, Frameán, Río e Piñeiro.

A cota do lugar de emprazamento condou de maneira indubidabel a forma da cos-truzón; observándose de cote que nos castros estabrecidos en montes outos e de abas pinas, soio se protexeu unha área mais ou menos estesa ó redor do cume, namentres que n-aquiles outros que se puxeron n-un outeiro de cota flebe, abrangueuse todo il con fosos e valos. No primeiro caso están, Martiñá, Baínte, Morgade, Mugariza e Santa Adega e no segundo, Río, Frameán, Fontelas, Marcelle, Madanela e Piñeiro.

Na posizón relativa de istos recintos non se dexerga por ningures a traza de un sistema coordenado de defensa da bisbarra. As fortificacóns erguense por vegadas en lugares verdadeiramente estratégicos pra tal finalidade coma acontez con Morgade, Santa Adega e Martiñá, encurutados en montes que domean as entradas do val, mais outras veces agreanxe tres n-unhas superficie de menos de un kilómetro cadrado (Frameán, Mugariza e Marcelle) ou espallándose amostran nidiamente que cada grupo castrexo procedía con ceibe autonomía no coidado da sua propia defensa e que si algún vencello os axuntaba non era rexo de abondo pra combinar os seus esforzos pra un fin común.

**FEITURA E GRANDOR.**—Caracterizase o releve galego pol-a acusada dondura dos seus montes, ben traballados pol-a erosión dende o tempo dos erguemientos variscos. Semellante dondura soio se creba, preto dos grandes ríos, cuios vales anováronse nos fins do terciario ó acontecer os afundimentos das Rías Baixas, provocando a formación dos paisaxes de cotos irtos que bordean

principalmente as ribeiras do Miño e do Sil. Mais a terra que nos ocupa non queda abranguida en ningunha de istas zonas e presenta de cote os lombos arredondados dos vellos penicháns. A iste arredondamento dos montes, corresponde a feitura dos castros que son sempre mais ou menos irregularmente ovalados. Se as murallas e os fosos, esténdense por vegadas, en liñas reitas ou case reitas (algúns anacos das cercas de Morgade, Marcelle e Río) é por que o xeito do emprazamento asin o eisixe, mais en ningures se olla unha xuntanza angular de dous lenzos de cerca ou de dous fosos. A liña de fortificacón adaptase sinxelamente ó perfil do monte, aproveita se pode as penedias que aíroran o chan e precura tirar de il o maior proveito co menor esforzo. Unha xuntanza angular entre dous muros de cachote pequeno, habería de facerse con pedras grandes, algo escadadas e trabadas entre si con solidexa, cousas todás que estaban fora dos meios dos costrutores dos nosos castros, que se limitaron a engader obstáculos artificiales á un lugar forte de seu, mais sin tratar de edificar algo distinto ó sitio do emprazamento. Fundamentalmente diferente de un castelo que pode esistir fora do cume onde se pouso pra domear, o castro é inseparabel do monte, porque é o monte mesmo que n-unha época de loitas vestiu as armas do guerreiro.

A estensón das áreas fortificadas é polo xeral de 80 X 55 a 100 X 75 metros debéndose sinalar tan só o grandor estraordinario do Morgadán, que ten 365 metros no seu eixe maior, e tamén o considerabel do de Baínte (163 X 120 metros) e a cativeza do de Piñeiro cujo recinto central mede 22 X 14 metros.

Non é doado botar cálculos en col da pozoazón que cada un de istos recintos podería acocchar tras dos seus muros, pois n-aquiles en que non existen restos de habitacóns permanentes, é de crer que as xentes non fixeron outra cousa que acampar en caso de perigo, e coma observa atinadamente Castillo (1) acampar non é o mesmo que vivir. Chama de todos xeitos a atención a diferenza que

(1) Loc. cit., pág., 12.

esiste entre a manitude do Morgadán e de calquera dos outros castros que se lle avecian, e compre perguntarse admitindo a sua contemporaneidade, se as colectividáis de Río, Marcelle ou Frameán, poderían susistir o pé da podente fortaleza de Morgade sen estar con respecto á ella nunha situazón de alianza ou de clientela.

Nos epigrafes latinos da nosa terra aparez o castro, *castello*, como parte de unha agrupación mais estesa, a *civitate* (*Castello Berensi*; nos *Límnicos* (1); *Calubriga*, nos *Gigurros*) (2). Non se pode precisar deica onde chegaban as ligaduras que mantíñan os *castellos* dentro das *civitates* e ainda denantes observamos que tales ligaduras non debían coutar moito a autonomía de cada colectividá costitutiva, mais a presenza de verdadeiras vilas fortes que xurden no medio de pequenos castros, fai matinar se non serían aquelas as cabezas das *civitates* e as presidentas das confederazóns aludidas.

**DEFENSAS.**—Os tres elementos que se manexaron de cote pra defensa dos castros de Vilamarín, foron os terraprens, os valos ou parapetos e os fosos, mais istes elementos multiplicáronse ou sinxelizáronse, segundo a importancia e o número dos recintos.

A falla de traballos esporáticos non consinte que dexerguemos con esa altitude nunha custión interesante; na de saber se todal-as áreas fortificadas alcontrabánse cinguidas por obras de pedreiros, ou se algunhas estaban só protexidas por terraprens ispidos e por parapetos de terra, debendo advertirse pro caso, que resulta moi arriscado o dictaminar n-iste asunto, sen mais datos que os que fornece unha proinspección dos xaciméntos, pois mais de unha vegada temos alcontrado ó escavar, terraprens sostidos por fortes muros, en lugares que non acusaban esteriormente a sua existencia.

De todos xeitos, temos dende logo catro castros, os da Martiñá, Baínte, Morgade e Río que ainda no seu aitual estado de ruïna descobren con crarezza o segredo da sua estructura.


Ó de feito mais sinxelo e o da Martiñá,

arrodeado de unha pequena muradela de pedra que non debía erguerse moito mais de un metro en col do terreo.

Mais compreto aparécenos o de Baínte, cuio valo interior é do mesmo xeito que o denantes descrito, mais que ten en troques o exterior precedido de terrapréns e foso.

No castro de Río, no que o monticelo foi inteiramente aproveitado, o recinto debiu estar apreixado nun cinto de pedra que por adentro, ofrecía o curioso aspeito de socalcos de que xa fixemos menzón.

Mais onde alcontramos o caso de maior desenvolvemento da arquitectura castrexia e no Morgadán. Ollase n-il o cumbe terminal ben aplinado e ó seu redor un groso muro que atinge, ainda agora, unha altura de vintedous metros. Ollanse n-il vestixios de tres fosos que precedían á anterior defensa e por derradeiro tropezase ca muralla do re-



(FIG. 1.)

cinto exterior, provida do seu correspondente foso, aberto por vegadas na grá viva do monte. (fig. 1).

O mesmo as esgrevias murallas de iste castro que as fiebas dos outros tres, están feitas con cachote pequeno posto en seco, que é o aparello escrusivamente empregado n-ista crás de construzóns protohistóricas.

Nos outros castros catalogados, os elementos defensivos son os mesmos e distribuense en cada caso na forma que atrás dixemos, mais resulta imposible determinar con segurança se os valos son de pedra ou soio de terra e se os terraprens están amparados por un muro de sostén, ou feitos c-un sinxelo corte vertical sen ningún amparo nin sosténimento. Coidamos que ista derradeira feitura había ser a menos frecuente, anque de-

(1) C. I. L. 5.853.

(2) C. I. L. 2.619.

bamos advertir que no castro da Mánela, que aparez na banda do leste compretamente tronzado por unha zanxa moi fonda, non poidemos albiscar por ningures o menor vestixio de obra de pedreiros.

Dos once castros de ista bisbarra, oito son de un soio recinto e tres; os de Baínte, Morgade e Santa Adega presentan dous, mais non na forma concéntrica, frequente n-outros lugares, se non no xeito típico de antecastro, que se caracteriza por aparecer o recinto interior ocupando un dos cabos da área murada, cumplindo destacar pol-a sua singularidade a espezal disposición bipartida do castro de Baínte.

Outro feito dino de ser notado é que as defensas da case totalidás dos recintos castrexos que nos ocupan, alcóntranse interrumpidas ou escesivamente esborralladas en toda ou en parte da sua volta. Asin nos de Baínte, Martiñá e Marcelle os parapetos ollanse derrubados, no Morgadán fallan grandes anacos de fosos e o lenzo inteiro da muralla exterior pol-a banda do leste, de que só se dexerga o alicerce, no de Frameán quedan dous anacos dos fosos e no de Mugariza ista defensa pode albiscarse únicamente n-un curto espazo. É posibel que en determinados casos teñan tales anomalías, unha causa orixinaria, debido a terse protexido especialmente as partes flebes do emprazamento, e ata pode ser que n-algunhas ocasións os traballos agrícolas contribuiran á laboura destrutora, mais coidamos mais seguro o apor o derrubamento de valos e o cegamento de fosos a unha medida de policía, levado a cabo sistemáticamente pol-os conquistadores romanos. Sabemos en efecto por Strabón (1) que istes obligaron ás xentes galegas á abandoar os seus acchos monteiños e á fixarse na chá en aldeias abertas, i-en tales circunstancias non se concibe que deixaran intaitos os centros da resistenza indixena i-en condizóns de ser utilizados novamente.

O valor militar de cada un dos castros do val de Vilamarín é moi diferente asegún os casos. Os de Baínte e Martiñá teñen a sua principal forteza na sua posición no cum-

de montes outos e de abas pinas; o de Morgade cos seus muros de tres metros de grosso e os seus fosos fondos e anchos, era dende logo un obstáculo serio pra calquer exército que non contara cos modernos meios de destrucción, mais os restantes recintos, de área cativa e de defensas e situación relativamente flebes, tiñan que ser de doada espunazón pra os lexionarios romanos, ben disciplinados, peritos no erguemento providos de terraprens de torróns, no manexo de torres de madeira e na táctica do *testudo*.

Débese pol-o tanto afastar toda idea de que istes castros de flebe estructura foran costruidos escrusivamente pra loitar contra a invasión latina, e ainda por contra pódese afirmar que a maoria de iles soio serían eficaces contra unha tropa armada á lixeira con arcos e lanzas. Certo que Lambrica e Cinnania, xogan un papel intresante nas loitas das lexións de D. Junio Bruto, mais estas cidades estarian seguramente protexidas ó xeito do Morgadán e non ó estilo dos restantes recintos castrexos do val de Vilamarín, feitos pra servir de esceario as pelezas intestinas das coleitividáis autónomas mais non pra aturar a poder de Roma.

**AS PORTAS.**—É iste un dos probremas más curiosos que prantean os castros que agora estudamos. É corrente que as cidades prerromanas da Península, presenten entradas estreitas, flanqueadas ben por un reviramento, ben por un erguemento da muralla onde se abren. Santa Tegra, Termantia e alguns castros de Aliste e Saiago teñen portas de iste tipo e algo semellante atopamos nós, como xa queda dito, no Morgadán e quizais tamén na Santa Adega, que ten unha soluzón de continuidade no valo exterior, flanqueada por duas abultadas moreas. Nos restantes castros non poidemos dexergar outra cousa que pequenos pasadelpos que non chegan a tronzar por completo os parapetos e que parecen abertos pra servizo de labregos e pegoreiros. Son á iste respecto singularmente instrutivos os castros de Río, que ten un soio pasadelpo estreito e tan pouco fondo que abanta por riba do valado sen case encetallo, e o de Mugariza no que se olla o parapeto sen ningunha soluzón de continuidade. E ainda no Morgadán e na

(1) Xeografía, III, III, 5.

Santa Adega as entradas soio dan paso no primeiro a un foso e no segundo o antecastro, quedando o recinto interior compretemente arrodeado pol-o terrapré e pol-o valo que se ollan oxe intérizos.

E unha vez asentados istes feitos e tendo en conta que os castros eran lugares de acocho pra homes e gados, compre preguntarse como a indispensabel comunicación co exterior achábase estabrecida. Hai que desbotar en primeiro termo como desprovistas de valor real, as consellas relativas á camiños soterráneos que van parar a tal regato ou á tal cova e deixar limitadas a duas total-as hipótesis. Unha a de existencia de portas tan estreitas que quedaron por completo cobertas ó esborcallarse á meias os muros onde se abrian, e a outra o tendido de pontes de madeira, dispostos en rampa e sostidos por pés derechos, que serían retirados ou destruídos en caso de ataque. Dos dous supostos o primeiro parécenos o mais probable, xa que a apertura de un portelo, doado de atrancar con pedras ou con trabes, en ren podia perxudicar a seguridade da fortificación e aforraba o traballo de erguer unha ponte de madeira que dada a outura de algunas murallas había ter necesariamente grande extensión e desenrollo.

O ABASTECIMENTO DE AUGAS.—A pesar de sere ista bisbarra de Vilamarín moi abondosa en pequenas correntes de auga, de todos os castros catalogados, soio un, o da Madanela, alcóntrase emprazado perto de un pequeno regato, mais non tan perto que non poidera ser eficazmente estorbada a sua utilización por unha tropa sitiadora.

Mais n-unha terra de forte pluviosidade e de camadas permeables pouco fondas como e a terra galega, doadamente atopase auga abrindo puzos ou praticando un cativo escavón de mina. Coidamos pol-o tanto que dentro do recinto de cada castro debían existir un ou varios manantiales de iste xeito, que agora están cegados ou estiñidos. En axuda de tal suposto venien as fontes que temos alcontrado en estazóns análogas de outras bisbarras, o puzo que descobrimos

na citania de San Cibráu das Lás (1) e o aparecido na citania miñota de Briteiros.

Como xa indicamos a pozanca que se olla ainda nas Fontelas e case seguro que serviría a un tempo mesmo de manancial e de alxibe.

AS HABITAZÓNS.—Dos once castros enumerados, os mais grandeiros, os de Baínte e Morgade, entran pleamente na categoría de citanias, por estar inzados de alicerces de casarellas e de cachotes pertencentes á elas. Nos demais recintos non ollamos ningún sinal de edificios de pedra e ainda na zanxa aberta na Madanela, dexergamos craramente á unha fondura de oitenta centímetros as camadas cinzentas dos fogares que quizais se alcenderían outrora dentro de sínzelas cabanas de colmo.

Temos pol-o tanto ben representados na terra de Vilamarín os dous tipos de habitat protohistórico galego, o de castro propriamente dito pequeno e faltoso de casarellas de pedra, e o da citania verdadeira cibdade murada, de cote meirande que o castro e de cote tamén inzada de alicerces.

Se istes dous xeitos tipolóxicos sinalan no val outo do Barbantiño, momentos simultâneos ou sucesivos de un desenvolvemento cultural non-o sabemos e non sabemos tampouco se a citania formouse pol-o desenrollo de unha coleitividade mais numerosa e rica que as outras ou se naceu por fundirse no seu seo varios grupos castrexos. As causas e traietoria de iste urbanismo embrionario son pra nos un misterio mais, entre os moitos misterios dos orixens protohistóricos da Galiza.

OS ORXETOS ASOELLADOS.—Redúcense ás poucas cerámicas recollidas na Madanela e os muiños de man e as prisóns de gado alcontradas no Morgadán, pertencente todo elo á nosa cultura posthallstattica. É dino de nota o feito negativo de non terse ollado por ningures téguas nin imbrices, moi abondosas sempre, ainda na superficie, dos castros romanizados con algúnhia intensidade.

(1) F. L. Cuevillas. A citania do monte A. Cidade en San Cibráu das Lás. *Boletín de la R. A. Gallega*, números 193 e 194, 1927.

A VECIÑANZA CON OUTROS XACIMENTOS ARQUEOLÓXICOS. — Concordando co feito denantes menzoad o non sabemos que no val de Vilamarín teña aparecido ningunha lápida nin resto romano de outra crás. En troques Arturo Vazquez Núñez ó dar conta (1) das esporazóns levadas á cabo nos anos de 1889 e 1900 pol-a inxenieiro Díaz Sanxurxo, ocúpase da fartura de mámoas esistentes en toda ista bisbarra e na terra veciña de Carballiño e di: «Comprende el territorio estudiado un vasto polígono de unos 90 kilómetros cuadrados, enclavado en los Ayuntamientos de Cea y Villamarín, y circundado por los castros de San Facundo, Covas, Martiñá, Baínte (Porto Amieiro), Morgade y Santa Agueda.» E mais adiante engade: «Dentro del perímetro ya descrito ha visto el Sr. Sanjurjo unas sesenta mámoas situadas diez en Orbán, siete en Ardesende, tres en San Facundo, ocho cerca de Carballiño, veintitrés entre Porto Amieiro y Ardesende, dos en Covas y siete en Vilar. El grupo principal está esparrado por la meseta donde tiene su origen el río Barbantiño».

Como se ve istos grupos de mámoas, quedan case que todos nellos dentro da bisbarra obxeto do noso estudo, cumprindo exceptuar somente os situados en Ardesende, Covas, San Facundo e Carballiño. A sua situación, que aparece sinalada no mapa que acompaña istos comentarios, alcontrase entre os castros de Martiñá e de Baínte por unha banda i-entre os de Morgade, Marcelle, Framean e Mugariza pol-a outra, e decir na parte mais montesia e menos remexida polos cultivos de todo val.

Desgrazadamente as resultanzas das esporazóns do Sr. Sanxurxo foron publicadas con detalle soio n-unha mínima parte e a case totalidade dos moblarios por el recollidos en Vilamarín, Cea, Carballiño e tamén en Pingos (Lugo) ingresou no Museu da C. de M. de Ourense sen que o seu descubridor tivera tino de sinalar con precisión o xacemento de cada obxeto, por cuia causa figuram na sua maoría nas vitrinas de aquil Museu baixo o

rótulo «Objetos procedentes de mámoas, de Vilamarín, Pingos ou Cea.»

N-outra ocasión tratamos por medio de inqueritos persoais de pôr en craro iste asunto mais soio conseguimos averiguar que case todas as sepulturas rexistradas tiñan restos de cámara dolménica (1) e ainda despois de unha afincada rebusca na seizón de «Noticias» do *Boletín de la C. de M. de Ourense*, (2) chegamos á poder atribuir ás mámoas do val de Vilamarín o seguinte material: tres machados-cinceles de xeito fusiforme, feitos en pedra esquistosa moura e moi ben polidos; dous machados de pedra polida, algunas facas de pederneira e duas ou tres puntas de saxeta de base convexa e cuidadosamente retocadas e alguns anacos de cerámica lisa, sendo asimesmo case seguro que pertenza ós ditos xacimentos unha pulseira de arqueiro de esquisto cincento e con catro buratos pra amarrala no puño.

O conxunto de iste material clasificase doadamente no neolítico galego, contemporáneo dos albores do eneolítico do centro e sul de Portugal e dos poboados e necrópolis xa con cobre da provincia de Almería.

Ista veciñanza dos castros e dos túmulos dolménicos dase moitas vegadas na Galiza e fala á prol de un rexo axuntamento das colectividades indíxenas cos mesmos lugares de habitación, prolongada durante decenas de séculos, e amostra que a invasión céltiga non maquiou dos seus asentos os pobos mais antigos que poboaban a bisbarra.

Craro está que entre o neolítico das mámoas e o posthallstattico dos castros queda valeiro de achádegos o período do Bronce, mais a forma de acobillos en que se atopan os obxectos que n-il se clasifican e o comercio que con tales uticis metálicos fixeron desde antigo as xentes que os alcontraban, fai probabel que a sua existencia teña pasado fora do alcance da teima rexistradora dos vellos eruditos e dos modernos arqueólogos.

(Continuárse)

(1) F. L. Casellas. Nota encol do mobiliario de algúns mámoas galegos depositado no Museu de Ourense. *B. de la R. A. Gallega*, número 176, 1925.

(2) Véxase, vol. II, número 46, 1905; vol. III, número 5, páx., 54, 1906.

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

**P**ECHADO xa o noso número anterior, chegounos a nova da punxente disgracia que tan crudelmente viu ferir ó noso Castelao. Castelao perderá ó seu fillo Antonio. Non saberfamos expresar o noso sentimento de fondonísima pena, de fraternal tristura dante da tremenda mágoa do benquerido irmán do compaño a quen NÓS debo nome e a alma, e que conosco levou traballos e enganos e acaríñou espranzas e ilusións.

Poucos homes haberá que coma Castelao seipan xuntar ó xenio a bondade e que seipan ser país coa fonda tenrura coma il o era. Ben merecente é de qu'os curazóns xenerosos s'achequen ó seu, pra sentiren coil a sua coita e levaren o consolo do seu cariño ó mais grande artista que ten hoxe a nosa Terra.

### EN BÓS AIRES.

**A**INDA non chamamol-a atención dos nosos leitores car'a Semán Galega de Bós Aires. Cand'iste número salla, xa haberá novas d'ista xurdia demostrazón de sentimento galeguista. Pol-o d'agora chegounos somentes o número de *El Despertar Gallego* do 16 de Nadal, día en que principiaba a Semán, que non avanza mais qu'o Programa xa ben coñecido en Galiza. Trai tamén o extraordinario adicado a conmemoración do Mariscal Pardo de Cela. Loitando coas mesmas resistencias e coas mesmas envexas dos espíritos cativos e a mesma indiferenza dos outros, con que loitamos elquí, un fato de bós galegos, d'un nivel intelectual ben superior, traballan arreto, c'unha orientación firme e crara, e c'unha sensibilidade e un tino perfeitos, pra ergueren por fin a concencia racial. A Semán Galega ha ser un dos seus trunfos.

### A ESPANSIÓN DA CULTURA CATALANA

**D**'UNHA parola que tivo o xornalista Navarro Costabella con Xoan Estelrich, neso ilustre amigo, queremos facer unha síntese moi dina de ser coñecida dos leitores.

Xoan Estelrich foi á París para sental-as bases d'unha biblioteca de estudos e literatura catalanas. D'acordo coa casa editorial

francesa «Les Belles Letres», unha das mais importantes da *ville Lumière*, axiña escomenzarán a imprentárense traducidas á lingua de Moliere, manuaes de gramática, de historia, de crítica e as millores obras dos escritores de Cataluña. Tan axiña, que ha ser elo n'este mesmo ano.

Unha das primeiras cousas á traducire, unha gramática en francés para deprender o catalán feita por Pompeyo Fabra e un resumo da literatura de Cataluña obra de Nicolau d'Oliver. Logo unha antoloxía dos poetas maiores do rexurdimento da mesma terra e un manual d'estudos de carácter bibliográfico. Este será o millor medio de difusión do catalanismo cultural nas universidades francesas, entr'os profesores romanistas e entr'o gran público de todolos países que lé na lingua gala.

Como por outra parte téñese iniciado na França un movemento europeista para unha aición de conxunto no aspeito da cultura internacional, do que son cabezoleiros homes de moita sona, a Xoan Estelrich se lle encarregou un libro sobre M. N. que, con outros mais, publicaráse en diferentes idiomas.

Xoan Estelrich tamén dou unha conferencia encol de organización cultural na «Casa da Democracia» de Valencia. Persentou-no Justo Gimeno e falou logo Fiz Azzati. Dito acto coidase que sexa frutífero para o progreso do valencianismo que hoxe xa conta con feixes de mozos que lle renden culto alceso.

Na mesma cibidade do Turia, Almelo Vives anuncia a publicación de diversas obras catalanas traducidas ó castelán. E en Palma de Mallorca surtirá axiña unha notable revista de letras e ciencia nomeada «Nostra Terra». Colaborarán n'ela mallorquins ilustres e cataláns de sona.

Estes e outros froitos venen colleitándose gracias á Exposición do Libro Catalán que se fixo fai pouco en Madrid. Por semellante camiño o do recobro da propia lingua, Cataluña internacionaliza a sua cultura. O que proba o tantas vellas dito: que somentes un pobo logra ser universal canto mais cultiva a sua orixinalidade específica. E a orixinalidade específica deita, como en ningúres, no eido do idioma natural de cada terra. Non hai que lle dar voltas. Sempre foi asín, e asín ha ser sempre.

GABRIELA CUNNINGHAME  
E SANTA TEREIXA

**A** «Revista de Occidente» acaba de publicar traducido ó castelán o libro de Gabriela Cunningham «Santa Teresa—su vida y su época». É un libro moi interesante. Mais nosoutros non agardamos á agora para sabermos de que xeito tan notable aquela ilustre escritora estranxeira fala da freira de Ávila.

Xa fai anos, Antón Vilar Ponte n'unha conferencia que dou no Recreo Artístico de Santiago, díxonos algo en col do asunto, comentando a primeira páxina de «Her Life and Times», de Gabriela Cunningham, que se ll'oficerá traducida ó galego por un amigo de seu, e na que o misticismo de Santa Tereixa atopase agudamente definido.

E n'un número de NÓS o mesmo escritor galeguista fixo alusións a aquel traballo da gran escritora estranxeira. Co que se proba, unha vegada mais, que eiui non andamos moi retrasados de noticias referentes ás cousas da cultura europea e mundial.

OS AUTORES GALEGOS

**A** gran revista filolóxica alemana *Germanisch-romanische Monatschrift*, que leva dazaseis anos de publicación, vai criar unha nova sección adicada á literaturas hispano-americanas, na que concederáse á literatura e filoloxía galega un lugar com' o das outras literaturas romances. Non imos nós encarecel-a importancia qu'iste feito ten pr'o espallamento do noso cada día mais intenso labor, pol-a grande autoridade qu'aquela publicación se ten conquerdido no mundo culto.

A *G. R. Monatschrift* propone dar conta no mais amplio sentido de todal-as obras galegas d'intérss literario e lingüístico, coma das castelás e catalás, e por separado, das obras e revistas que se lle manden.

Os escritores galegos deben corresponder a iste chamamento, enviando os seus libros á calquera d'estes dous señores.

Karl Winter, Verlag-Luthers 5 - Heidelberg, ou

Prof. W. Meyer-Lübke-Koburgersh 4 - Bonn.

LIBROS

ORACIÓNS CAMPESIÑAS, por ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A Cruña, 1927.

**O** ilustre Presidente da Academia Galega trainos hoxe un bó feixe de poemas, un libro forte, forte pol-o volume (un in 4.º de 247 páxinas ben aproveitadas, sen craros

NÓS

nen follas inúteis, de coñecida presentación, c'unha soberbia portada do Castelao parte da edición, e outra parte unha moi fermosa d'Abelenda) e forte pol-o contido: poemas moitos d'iles de longo folgo lírico sostido varias páxinas con viril emoción; poemas do mais san i-enxebre lírico, no que transparece o fondo sentimento da terra e da paisaxe, que chega moitas vegadas á eisaltazón panteísta, e o que podéramos chamar *ruralismo trascendental*, caraterístico en parte da lírica e do pensamento galego de hoxe. Iste *ruralismo trascendental* áchase moi por riba, xa non do ruralismo sinxelamente expresivo do conxénito—atal coma s'atopa por eixempro n-algunhas cousas de Benito Llosada—mais tamén do imitativo—en que caeran todolos escritores do século pasado. O ruralismo trascendental é o do que xa veu de volta das más lonxanas cidades.

O libro responde ben ó tido d'*Oraciós Campesiñas*, co-ise ruralismo que deixamos dito, co franciscanismo, co panteísmo, e coa tenrura—por certo un pouco perdida nos galegos de hoxe, non sei si pra ben ou pra mal—d'estes poemas, qu'amostran, ademais d'un poeta, unha alma cabal e limpia, rexia e pol-o tanto capás ainda de deixar qu'as bágoas lle caían dos ollos.

Don Eladio vive coa saudade do seu Riveiro d'Avia, das suas quentes paisaxes de bacelos e piñeirás, das suas fartas e ledas vendimas, das suas festas e pandeiradas onde trunfa a sempre moza pagania; e coa compasión pol-as almiflas santas da aldeia, dos ceguiños, das vellínas, dos nenos; sentimientos qu'o fixeron tan grande lírico; e coa devoción da natureza, qu'o fixo tan grande paisaxista.

Tan entendido coma é na nosa fala, é o modo que tan de man de mestre se ipa aproveitar todolos infindos recursos líricos do galego pra faguer coma fai do verbo emoción pura, e pra empregalo en tan rica variedade de metros e de rimas, ista laboura na que chega ó preciosismo, xogando coa mísica da fala, atopando as verbas mais doces e mais tenras e que mais fondo chegan na i-alma.

NÓS publicou hai tempo algunas primicias d'este fermoso libro con que s'enrequentou a lírica galega, e que deixa na i-alma unha malencónica i-ergueita paz. V. R.

A LINGUAGEM DE CAMILO,  
por CLAUDIO BASTO, Porto,  
Maranus, 1927.

Percorrendo a enorme bibliografía camiliana, e ollando despois pra nós, dá pena e vergonza considerar qu'aínda non temos un só libro escrito, nin encol de Rosalía, nin

xiquera despois do triste prólogo da mais recente edición dos *Cantares...*

O Dr. Claudio Basto enrequisa os estudos encol de Camilo Castelo Branco co-iste traballo lexicográfico ond'escrarece unha chea de puntos intresantismos da obra camiliana. Estuda pirmeiro as orixes da lingoaxe de Camilo; a fala corrente, as leituras centíficas, a invenzón de neoloxismos, o estudo dos clásicos portugueses e o da fala popular, especialmente a do Norte. Fala despois da lingoaxe popular en Camilo, que a interpretou moi ben, chegando a reproducir a prosodia popular e moitas veces esprícanos seus escritos, e dá o sinificado de moitas verbas. Sigue logo co asunto dos extranxeirismos que Camilo empregou, e veu señalar tres clases: uns empregados en sátira, precisamente pra combatelos; outros que non son taes extranxeirismos; e outro cujo emprego está perfectamente xustificado. Asimesmo estuda outras expresións que foron criticadas en Camilo, os seus lapsos e desigualdade ortográfica (por mais qu'il defendera a ortografía etimolóxica, contra a fonética de Castelo) e a variedade da sua lingoaxe. E trai por fin unha lista de verbas empregadas por Camilo e non contidas no *Novo Diccionario da Lingua portuguesa* de Cândido de Figueiredo.

Escuso encarecer a enorme utilidade do estudo d'iste libro, onde achamos unha chea d'escrarecimentos en col de moitas verbas d'uso corrente en Galiza.

Na portada trai un curioso retrato de Camilo feito á máquina d'escribir en catro horas e sen previo esbozo no papel, por Ildefonso Rosa, mestre na Escola Industrial e Comercial Nun'Alvares de Viana do Castelo e que é unha verdadeira obra artística.

V. R.

DON DIEGO DE MUROS, por FRAY GUILLERMO VÁZQUEZ NÚÑEZ DE LA ORDEN DE LA MERCE, Madrid, 1927.

O erudito mercedario Fr. Vázquez Núñez fai n'iste estudo unha reconstrucción histórica da figura do sonado Bispo de Tuy e rival do Conde de Camiña, recollendo unha grande cantidade de notizas, recadadas en toda a bibliografía referente ó tempo aquil, tan intresante na historia de Galiza coma pouco escrarecido, agás por López Ferreiro, e en numerosas coleccións de documentos, e manuscritos inéditos. O autor escrarece o asunto referente ó estado relixoso de Don Diego de Muros, que fora contradito pol-o P. Flórez, no volume XXII da *España Sagrada*, e pra elo antr'outras cousas, trai por apéndice unha carta ata d'agora non publicada, do P. Arques ó P. Risco, e admite a existencia de tres persoaxes co mesmo nome de Diego de Muros: un o estudiado no libro, que foi Provincial da Mercede en Castela, padriñador de Enrique IV e Bispo de Tuy e Ciudad Rodrigo; outro seu sobriño, Dayán de Sant'Iago, bispo de Mondofredo e d'Óviedo, e outro fillo d'un rexidor de Sant'Iago, coenego d'aquela eirexa e bispo de Canarias, o qual axudou ó seu homónimo o Dayán a fundar o Estudo vello de Gramática xermólo da Universidade de Compostela.

Imparcial com'historiador asisido e escrupuloso, o Fr. G. Vázquez Núñez apenas insinúa ó final un xuízo tocantes ó persoaxe historiado. Dende o punto de vista de Galiza, Don Diego de Muros veu ser un de tantos galegos ilustres ós que ben pouco debe a sua terra. V. R.

*Imp. NÓS, Real, 36-1.º A CRUÑA*

**P A R D O**  
ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32  
SANTIAGO

San Andrés, 50  
A CRUÑA

CASA ESCRUSIVAMENTE ADICADA  
A ÓPTICA MÉDICA

En ningún fogar galego  
deben faltar as  
Pubricacións NÓS

ESTÁN à VENDA

De Ramón Villar Ponte	
<b>Historia Sintética de Galicia</b>	pesetas 5'00
De Xaime Prada	
<b>Grabados en Linoleum</b>	2'50
De F. Porto Rey	
<b>A tola de Sobrán</b>	0'80
De Xosé Lesta Meis	
<b>Estebo</b>	3'50
De Ramón Cabanillas	
<b>A Rosa de Cen Follas</b>	2'50
De Anton Villar Ponte	
<b>Triptico Teatral</b>	3'00

VAN APARECER

O Bufón d'el-Rei - drama por Vicente Risco; Os Camiños da vida e Pelerinaxes - por R. Otero Pedrayo; Conto de Guerra - por Camilo Diaz; O Galo - Obra póstuma de Amado Carballo; Escolma de Contos - por Rafael Dieste; Tradución d'un drama de Yeats - por P. R. Castro e Antón Villar Ponte; A Escadeira de Xacob - novela por E. Blanco Amor; Brétema, Armenteiro e Esilados - por R. Suárez Picallo; O Mariscal - por R. Cabanillas e A. Villar Ponte; De catro a catro - poemas por Manuel Antonio.

PEDIDOS A "NÓS"

REAL, 36-1.<sup>o</sup> — A CRUÑA

# SANATORIO QUIRURGICO

DIRETORES

Manuel Peña Rey

Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco

Cirugía geral

Especialista na gorga, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Cruceiro, ten toda-las condicións precisas.—Prauticase toda crás d'operaciós.—Dotado de todolos adiantos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalacións de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia pra tratamiento de Aue-  
xites, procesos inflamatórios, reumatismo, etcétera.  
Lámpara de cuarzo pra sol d'altitude e ultra-violeta pra tratamiento d'escrofulosis, ra-  
quitismo, alopecias, eczemas, etcétera.  
Admitense embarazadas, e cóntase con material esterilizado pra fora da cibdade en  
casos d'urxencia.—Poden colaboraren todolos compañeiros,  
previo consentimento dos directores.

## BODEGAS GALLEGAS, PARES E OURENSE

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS, Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

Droguería e Farmacia  
**LUIS FÁBREGA**  
Progreso, esquina a Luis Espada  
OURENSE

MERQUE VOSTEDE  
Plumeiros **RAFIUM**  
De mais dura qu'os de pruma e limpan  
millor. Véndese en todolos establecim-  
ientos do ramo  
Andrés Perille-OURENSE

# F. ROMAN e SACO

## DROGUERIA

## e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENE

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,  
e escrusiva da

# CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

## FOTOGRABADO

Si ten intrés en que os seus fotograbados  
sexan os mais perfeitos posibres, conven-  
lle envialos aos

Talleres de fotograbado  
**ESPASA-CALPE S. A.**

Rios Rosas, 24-Apartado, 547  
**MADRID**

Este nome xa é por si unha garantía, pois  
son os talleres mais modernos e orga-  
izados para realizar na sua maisima perfei-  
ción toda crás de fotograbados en cinc,  
cobre; tricomias, cuatromias, etc...

O seu servicio e extra-rápido.

As suas obras son perfeitas.

Suscribase a

## "A NOSA TERRA"

Idearium das Irmandades da Fala  
e á

## NÓS

Boletin mensual da Cultura Galega

J. CALVIÑO DOMINGUEZ

Abogado-Procurador

CANTÓN PEQUENO, 1-(OFICINAS)

Teléfono, 581.

A Cruña.

Trasmita os seus encárregos  
-tipográficos a-----

## NÓS

-----e ficará complacido.-

-Baratura,-----  
-----perfección-----  
-----e prontude.-

Real, 36-1.<sup>o</sup>-----A Cruña.



**A hixiene nos nenos**  
é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meiciñas xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tecadcr.

Contribuie ó perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
**UNICO EN EL MUNDO**

1 pta  
PASTILLA



O Xabón da Toxa  
ademas de ser o mellor é un  
producto galego que nos  
honra no mundo enteiro



As mais indicadas en casos  
de artirismo, desnutrizón, diabetes,  
obesidades diversas, doenças do  
aparello dixestivo, anemia  
e neurastenia

Riquisma auga de mesa  
gaseada naturalmente.

**MONDARIZ - BALNEARIO**

.... a ....

35 kilómetros de Vigo